

5. NOVO HIS 2050- SISTEMA INTEGRAL DE XESTIÓN DE PACIENTES

Desenvolvemento dun sistema de **integración da asistencia** independentemente de onde se produza (Atención Primaria, Atención Hospitalaria, Atención Sociosanitaria ou Saúde Pública) e da información (tanto asistencial como de recursos humanos e recursos físicos e tecnolóxicos).

Coa implantación desta ferramenta, o Sergas busca:

- Proporcionar ao **paciente** toda a información e mecanismos necesarios para o seguimento do seu proceso.
- Facilitar que os **profesionais** dispoñan de información da traxectoria asistencial dun paciente e dos procesos corporativos.
- Garantir que os **procesos de atención** se realicen no tempo e forma e aceleralos cando sexa preciso.
- Reducir os **custos** directos e indirectos a través da reorganización áxil dos servizos, a simplificación de procesos, a coordinación de actividades concatenadas, a comunicación áxil dos profesionais ou o uso eficiente do seu tempo e os medios tecnolóxicos.
- Informar aos diferentes niveis de decisión do grao de consecución dos **obxectivos**, a través dun sistema de indicadores.

As probas piloto foron realizadas na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de **Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras**.